

SAL. 009194 27.09.12 08:53

Mediante acordo do Consello de Goberno do 25 de maio de 2012 aprobouse a oferta de prazas dos másteres universitarios oficiais para o curso 2012-2013, na que se establecían as cotas de prazas (ordinarias, alumnos con estudos doutros sistemas educativos, tempo parcial) así como os requisitos de admisión.

A Comisión Académica do Máster Universitario en Tecnoloxías da Información solicitou posteriormente a ampliación da cota de prazas ofertadas para matrícula a tempo parcial a 10.


O Consello de Goberno autorizou á Vicerreitora de Titulacións e PDI para que ditase as resolucións ou instrucións correspondentes que permitiran subsanar todas aquelas cuestións necesarias para a execución deste proceso de admisión aos másteres universitarios oficiais, sempre que non supuxeran un cambio substancial no seu contido.

Por todo o anterior, esta Vicerreitoría RESOLVE,

PUNTO ÚNICO.- Autorizar no Máster Universitario en Tecnoloxías da Información o aumento da cota de prazas para a matrícula a tempo parcial a 10 para o curso 2012-13.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2012

A Vicerreitora de Titulacións e PDI

  
Carmen Fernández Morante

Sra. Secretaria Xeral, Sr. Coordinador do Máster en Tecnoloxías da Información, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sra. Directora da Oficina de Información Universitaria, Sra. Xefa da Oficina de Análise de Reclamacións e Mellora do Procedemento.